

O GROVE EDUCA

ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA ESCOLARES



CURSO 2012-2013

Comeza un novo curso escolar, e desde o Concello do Grove volvemos a reunir nunha guía toda a oferta municipal de actividades escolares, co obxectivo de potenciar e facilitar a participación de toda a comunidade educativa da localidade.

Esta guía revela a ampla e variada oferta de actividades que presenta o Concello do Grove para o curso 2012-2013, pero tamén pon de manifesto o seu compromiso para conseguir unha ensinanza de máxima calidade para a nosa mocidade. Así, presentamos este programa que busca facilitar a formación do alumnado en temas tan variados como o medio ambiente, a igualdade, a tolerancia, o consumo, o deporte... Con toda esta oferta programática, preténdese aportar os recursos municipais para contribuír ao aumento da calidade da ensinanza pública, dar a coñecer os servizos municipais e seu entorno aos escolares, e fomentar a participación dos escolares na vida municipal.

Nesta guía de actividades colaboran as concellerías de Educación; Participación Cidadá, Mar e Igualdade e Benestar; Comercio e Mercados; Medio Ambiente, Limpeza, Seguridade Cidadá, Deportes e Xuventude; Economía, Facenda e Persoal; Novas Tecnoloxías, Documentación e Patrimonio; e Cultura.

ÍNDICE

O GROVE CONCILIA	7
Programa Madruga	
Nadal na Biblioteca	
Escola de Verán	
ACTIVIDADES FÓRA DO HORARIO ESCOLAR	11
Natación	
Coñecendo e disfrutando da biblioteca	
Bebetecas	
Comer san é divertido!	
Técnicas de estudo para levar	
Escola de Música	
ACTIVIDADES PARA NAIS E PAIS	19
Visitas á biblioteca	
Primeiros auxilios	
Uso e abuso de internet	
Visita ao CIPES	
ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COS CENTROS	23
Primeiros auxilios na escola	
Taller de bebidas saudables	
Cine e saúde na escola	
O tabaco. Fumador artificial	
Conceptos básicos sobre drogodependencias.	
A presión do grupo. Tomando decisións	
Taller de autorresponsabilidade afectivo-sexual	
Publicidade e medios de comunicación	
Límites da intimidade	
Trastornos da conduta alimentaria	
Como manexar as miñas emocións	
Resolución de conflitos	
Contos contra o maltrato	
Prevención do absentismo no 2º ciclo de EI	
Inclusión escolar na ESO	
Educación vial	
Puntos de Información Xuvenil nos Institutos	

Semana da prensa na escola	
Olimpiada escolar	
Maxia Potaxia	
Talleres de Consumo	
De compras no comercio local	
Incorporación ao mercado laboral	
Eliminación de plantas autóctonas	
A Illa da Toxa, a lenda do burro	
Rutas de sendeirismo	
Encontros con mulleres e homes con profesións non tradicionais	
Exposición de imaxes e frases sobre igualdade	
CONCURSOS E PREMIOS ESCOLARES	49
XV Concurso de postais de Nadal	
II Concurso de Relatos Curtos	
II Concurso de Fotografía Medioambiental	
¿Que é unha tenda para ti?	
Premios de excelencia académica	
RETORNO EDUCATIVO	57
Axudas para a obtención do graduado en ESO	



O GROVE CONCILIA

PROGRAMA MADRUGA NO CEIP VALLE INCLÁN

OBXECTIVOS

O "Programa Madruga" ten como obxectivo principal responder ás necesidades familiares derivadas do desfase existente entre os horarios escolares e laborais, garantindo a atención das nenas e dos nenos por persoas debidamente cualificadas que lles ofrezan actividades encamiñadas a fomentar a súa creatividade e autonomía, cubrindo a necesidade de atención a nenos e nenas antes do inicio das clases pola mañá.

HORARIO

Un monitor do Concello do Grove encargárase de recibir e coidar aos usuarios desde as 7.30 horas ata o inicio das clases.

USUARIOS

Hai dous tipos de usuarios: fixo e ocasional.

a) Usuario fixo. Alumnado que se matricule no servizo desde setembro a xuño, independentemente de que o utilice todos os días ou días concretos. Pódese dar de alta no momento da matrícula ou, de haber prazas vacantes, con posterioridade. Pode cursarse a baixa no momento que considere oportuno. Para isto, terá que comunicarllo ao coordinador ou á coordinadora do programa madruga nos últimos dez días do mes anterior a causar a baixa e solicitar por escrito a baixa nas oficinas municipais.

b) Usuario ocasional. Alumnado que, habendo praza, desexe utilizar o servizo en días soltos. Debe solicitalo telefonicamente ou nas oficinas municipais en horario de 8.00 a 15.00 horas.

PREZO

a) Usuarios fixos: 30 euros/mes. Reducirase nun 20% nas cotas nos seguintes casos:

- ⤴ Por pertencer a unha familia numerosa
- ⤴ Por pertencer a unha familia monoparental
- ⤴ Por asistencia de máis dun irmán

Estas deducións, en caso de concorrer máis dun concepto, non son acumulables, aplicándose a dedución só nun dos casos.

b) Usuarios ocasionais: Bonos de dez días 25 euros. Pódese utilizar durante todo o curso escolar.

INSCRICIÓNS

No Edificio Administrativo do Concello do Grove, rúa Cándido Acuña. Ata cubrir as prazas dispoñibles.

NADAL NA BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

Ofrecer tempo de lecer aos nenos durante as vacacións de Nadal
Espertar o gusto pola lectura e a creatividade
Facilitar a conciliación dos horarios dos pais coas vacacións dos seus fillos

ACTIVIDADE

A biblioteca esconde actividades máxicas para as vacacións de Nadal, con propostas divertidas para que os nenos disfruten destas datas, ao mesmo tempo que se somerxen na literatura infantil, na fantasía do Nadal e nas personaxes máis salientables destas datas festivas.

HORARIOS

As actividades desenvolveranse en horario de mañá. Os grupos estableceranse por idades.

INSCRICIÓNS

As prazas son limitadas. O prazo de inscrición abrírase en decembro na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey ou ben por teléfono no 986 732 341. Todas as actividades son gratuítas.

ESCOLA DE VERÁN CONCELLO DO GROVE

OBXECTIVOS

Con este programa preténdese conciliar a vida familiar, laboral e persoal das familias do Grove, e ofrecer unha alternativa ao alumnado para disfrutar do tempo de vacacións desde unha perspectiva de aprendizaxe cooperativo e fomento da educación en valores a través das distintas actividades de ocio e tempo libre.

Garantir a atención dos nenos por persoal cualificado.

Organizar o tempo dos nenos e nenas para que xunto cos seus compañeiros desenvolvan a súa autonomía, comunicación e socialización.

Ofrecer aos nenos un espazo e un horario adecuado para o xogo e o tempo libre, baseado en valores de igualdade, respecto, tolerancia, cooperación, convivencia, educación en igualdade...

DESTINATARIOS

Nenos e nenas de 3 a 12 anos.

ACTIVIDADE


Durante toda a mañá, os nenos participan en numerosas actividades, xogos e excursións cos que gozar do seu tempo de vacacións.

HORARIOS

O horario normal é de 9.00 a 14.00 horas, e o ampliado, de 8.00 a 14.30 horas.

INSCRICIÓNS

O prazo de inscrición abrírase en maio. Informarase mediante carteis, notas aos colexios e información na páxina web do Concello do Grove.



ACTIVIDADES PARA NENAS E NENOS FÓRA DO HORARIO ESCOLAR

NATACIÓN

OBXECTIVOS

Ademais do que consideramos como principal, que é que aprendan a nadar, queremos darlle un enfoque claramente educativo xa que perseguimos o desenvolvemento integral do alumno, é dicir, nos ámbitos físico, psíquico, cognitivo, afectivo e social.

Que practiquen unha actividade física en interrelación con outros nenos, que aprendan a desenvolverse nunha instalación pública, respectando as normas de uso, seguridade e hixiene, que teñan control sobre os seus medos e sensacións no medio acuático.

Que se divirtan practicando unha actividade con plantexamentos lúdicos.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Clases de natación os martes e os venres na Piscina Municipal de Cambados. Grupos de 40 nenos cada día. Comeza en novembro e remata en xuño. Desprazamento en autobús gratuito os martes.

DESTINATARIOS

Alumnado de Infantil e Primaria.

HORARIOS

Martes de 17:00 a 17:45. Saída do autobús ás 16.00 horas. Paradas Corgo-Terra de Porto- Cortiñas-Ardia.

PREZO E INSCRIPCIÓNS

Matrícula 15 euros, por gastos de xestión e contratación dunha póliza de responsabilidade civil de cada neno.

Mensualidade 10 euros.

Ata o 20 de outubro na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey ou ata completar as prazas dispoñibles.

COÑECENDO E DISFRUTANDO DA BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

Experimentar a biblioteca como un entorno máxico de encontro cos libros e con outros nenos e nenas.

Establecer un primeiro contacto cos libros dunha maneira lúdica, facilitando o xogo.

Desenvolver hábitos básicos de comportamento na biblioteca.

Recoñecer o uso da biblioteca como un lugar para buscar información.

Crear un clima ameno, positivo, lúdico e favorable cara á lectura.

Iniciar aos nenos e nenas na metodoloxía bibliotecaria.

Esptar a imaxinación e a creatividade mediante os recursos que ofrece a lectura.

DESTINATARIOS

Alumnos de Infantil e Primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Conxunto de actividades ou actuacións de carácter pedagóxico que pretende acadar a máxima utilización das posibilidades informativas das bibliotecas, a través de obradoiros lúdicos que buscar esptar o interese do neno pola lectura, ben a través de animacións, de xogos ou manualidades de acorde coas idades de cada grupo.

HORARIOS

Venres de novembro a maio. Os alumnos estarán divididos en grupos de sesións dunha hora cada un e segundo as idades.

LUGAR

Biblioteca Municipal do Grove

PREZO E INSCRICIÓNS

5 euros ao mes -utilizaranse para materiais para as actividades-.
Ata o 20 de outubro na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey ou ata completar as prazas dispoñibles.

BEBETECAS

OBXECTIVOS

Iniciar ao neno no coñecemento dos libros e as bibliotecas.

Involucrar aos adultos neste proceso.

Que os nenos e nenas xunto cos seus pais e nais se acostumen a vir á biblioteca.

Axudar aos usuarios a adquirir hábitos de comportamento tales como manter a orden, escoitar con atención, gardar os libros, ter as mans limpas cando se lee...

Favorecer que os usuarios se relacionen con nenos, mozos e adultos de outros ámbitos culturais

DESTINATARIOS

De 0 a 6 anos.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Pais e fillos deben atopar na biblioteca outra forma de xogar e estimular a creatividade e a intelixencia. A través das bebetecas pódense desenvolver experiencias de estimulación temperá coa lectura, nas que pais e nais axudan aos nenos e nenas a adquirir e desenvolver habilidades motoras, cognitivas e socio-afectivas; observando ao mesmo tempo, cambios no seu desenvolvemento. O persoal da biblioteca procurará orientar aos pais e nais sobre os libros axeitados para levarse á casa e "lelos" xuntos. Tamén se organizarán conferencias, coloquios, mesas redondas.

HORARIO

O horario de apertura da Bebeteca será o mesmo que o da biblioteca.

LUGAR

Casa da Cultura Lueiro Rey.

COMER SAN É DIVERTIDO!

OBXECTIVOS

Amosar aos participantes que a cociña é un traballo para nenos e nenas por igual e que deben colaborar coas súas nais e pais na casa.
Mellorar os hábitos de comida á hora de sentarse á mesa.
Espertar a curiosidade dos nenos.

DESTINATARIOS

A partir de 4 anos.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Ademais de ensinalles pequenas receitas entretidas, explicaráselles de onde proceden certos alimentos, como se obteñen e, sobre todo, que sexan receptivos á hora de probar as comidas e que entendan a importancia de ter unha dieta equilibrada. Cada semana entregaráselle a receita que elaboren para que a leven a casa, sacaráselle fotos para que os pais poidan ver como os pequenos se convierten en minichefs e traballan duro as súas receitas.

Algunhas das receitas incluídas na actividade son brochetas de froitas con choco iogur, mel e cereais; batidos; sándwichs de formas; iogur con froita, cereais...; snacks de vexetais; piruletas saladas...

DATA

Sábados pola mañá do mes de febreiro.

LUGAR

Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

PREZO E INSCRICIÓNS

20 euros por neno.

Ata o 20 de outubro na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey ou ata completar as prazas dispoñibles.

TÉCNICAS DE ESTUDO PARA LEVAR

OBXECTIVOS

Motivación cara o estudo e evitar o absentismo escolar.

Apoiar o desenvolvemento escolar do alumnado para solventar as necesidades presentadas no seu currículo escolar.

Estimular o desenvolvemento cognitivo e a autoestima-autoconceito do neno ou nena co apoio do proxenitor.

DESTINATARIOS

Alumnado de 6º de primaria e da ESO. Crearanse grupos de máximo catro nenos/nenas cos seus correspondentes proxenitores. Agruparanse por idades.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Cada taller de técnicas de estudo está composto por sete sesións nas que se traballarán os seguintes contidos:

- ⤴ Atención selectiva
- ⤴ Atención mantida
- ⤴ Autocontrol mediante autoinstrucións
- ⤴ Memoria
- ⤴ Neutralizar os elementos distractores
- ⤴ Resolución de problemas nos exercicios
- ⤴ Bloqueos ante exames

DATA

Organizaranse durante as tardes do curso escolar. Cada taller comezará a medida que se cubran as prazas de cada grupo.

LUGAR

Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

INSCRICIÓNS

Actividade gratuíta. As inscricións pódense facer na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey ata completar as prazas dispoñibles.

ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DO GROVE

OBXECTIVOS

O obxectivo principal da Escola de Música é propoñer unha formación de calidade que garanta o acceso de toda a poboación á ensinanza musical.

DESTINATARIOS

Música e Movemento I (de 4 a 5 anos)
Música e Movemento II (de 5a 6 anos)
Linguaxe Musical (A partir dos 7 anos)

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

A Escola de Música Municipal do Concello do Grove cubre un amplo espazo educativo das ensinanzas musicais a través dos seus itinerarios formativos.

A súa finalidade é o ensino musical cun tratamento pedagóxico específico, o descubrimento e desenvolvemento das capacidades expresivas, musicais e motrices que aporten unha base de cara a aprendizaxe na práctica instrumental. Cursarán obrigatoriamente a materia de LINGUAXE MUSICAL con dereito a todas as clases grupais.

Materias que se imparten na Escola: Música e Movemento, (I-II) Linguaxe musical, Guitarra, Percusión, Piano, Trompa, Clarinete, Frauta, Saxofón, Bombardino/Tuba, Trompeta, Trombón.
Banda infantil da Escola e Coro.

Instrumentista Profesional

Plan de Acceso ó Conservatorio orientado o alumnado que teña interese e aptitudes para acceder ós estudos profesionais.

Grupais: Itinerario que contempla a formación instrumental ou vocal nas agrupacións do Centro.

As especialidades instrumentais ofrecidas polo centro, veñen a engrosar o amplo abano que os alumnos/as, demandan dunha forma reiterativa.

DATA

De outubro a xuño.

LUGAR

Monte das Flores, s/n- Telf.: 986 733 001

INSCRICIÓNS

Ata o 21 de setembro a primeira quenda. AS PRAZAS ADXUDICARANSE POR ORDE DE INSCRICIÓN RECIBIDAS (Prazas limitadas).
AS INSCRICIÓN ENTREGARANSE NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DO GROVE (R/ Cándido Acuña, 3).

TARIFAS:

MODALIDADE	COTA ANUAL	COTA MENSUAL	CARGA HORARIA
MATRÍCULA ANUAL	20 €		
FORMACIÓN INSTRUMENTAL			
INSTRUMENTO só		30 €	50 min
INSTRUMENTO+linguaxe musical		45 €	140 min
2 INSTRUMENTOS		60 €	190 min
FORMACIÓN TEÓRICA			
MÚSICA E MOVEMENTO		30 €	90 min
LINGUAXE MUSICAL		30 €	90 min
LINGUAXE MUSICAL+1 instrumento		45 €	140 min
FORMACIÓN CORAL			
CORO+linguaxe musical		35 €	180 min
CORO+instrumento+linguaxe musical		50 €	230 min
FORMACIÓN TRADICIONAL			
GAITA+ linguaxe musical		45 €	140 min
FORMACIÓN GRUPAL			
BANDA DE MÚSICA (alumnos/as matriculados/as en instrumento)		0 €	90 min



ACTIVIDADES PARA NAIS E PAIS CON NENOS EN IDADE ESCOLAR

VISITAS Á BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

Amosar ás nais e pais de alumnos todos os recursos que poden atopar na biblioteca municipal

Fomentar a lectura entre os pais e nais de alumnos

DESTINATARIOS

Familias con fillos en idade escolar.

LUGAR

Biblioteca Municipal do Grove – Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey.

HORARIOS

A convir coas asociacións de nais e pais da localidade.

INSCRICIÓNS

Na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey.

PRIMEIROS AUXILIOS

OBXECTIVOS

Obter os coñecementos básicos para poder afrontar as caídas, os golpes, cortes, accidentes... do teu fillo.

Saber como actuar ante este tipo de situacións.

DESTINATARIOS

Nais e pais con fillos en idade escolar.

DESCRIPCIÓN

Impartido por persoal do servizo municipal de emerxencias.

INSCRICIÓNS

Talleres gratuítos. A asociación de nais e pais debe solicitar o taller, que se desenvolverá nos días e nas horas acordadas.

As solicitudes faranse no enderezo formacion@avpcivilogrove.com

USO E ABUSO DE INTERNET

OBXECTIVO

As novas tecnoloxías son ferramentas útiles, divertidas, pero teñen os seus riscos. O seu uso en si mesmo non é negativo, todo o contrario, supoñen unha oportunidade para moitos aspectos da vida educativa, profesional... Pero os nosos fillos deben aprender a manexalas. E como pais, debemos de estar moi alerta a posibles sinais que indiquen un mal uso ou abuso.

DESTINATARIOS

Nais e pais con fillos en idade escolar.

DESCRICIÓN

Impartido por persoal experto na materia.

DATAS

En novembro. Informarase a través dos centros escolares e das ANPAS.

VISITA AO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO INTERMAREAL, A PESCA E A SALGA

OBXECTIVO

Dar a coñecer o patrimonio e a historia do concello.

DESCRICIÓN

No lugar de Punta de Moreiras, no esteiro que forma a desembocadura dos ríos da Cova da Loba e de Santo Antonio, encóntrase un conxunto de elementos do patrimonio marítimo que tiveron unha función de salga e conserva do peixe desde o século XVII ata a década de 1960.

Son dous espazos do patrimonio etnográfico, restaurados nos anos da década 2001-2011 e que actualmente están destinados a usos didácticos, científicos, culturais e turísticos. Baixo a actual denominación de Centro de Interpretación da Pesca e a Salga temos dous espazos ben diferenciados: a fábrica de Moreiras e a salga de Goday.

DESTINATARIOS


Alumnado e pais e nais do municipio.

DATAS

A convir coas asociacións/centros escolares. As visitas escolares guiadas organízanse en horario de mañá e de tarde. Solicitudes no enderezo museo@concellodogrove.com

PREZO

Tarifa reducida: 1 euro por persoa



ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COS CENTROS ESCOLARES

PRIMEIROS AUXILIOS NA ESCOLA

OBXECTIVO

O obxectivo é capacitar aos alumnos en técnicas básicas de primeiros auxilios, para fortalecer a capacidade de resposta inmediata da escola ante unha emerxencia, pois a persoa máis próxima á vítima é a que debe saber como reaccionar.

DESTINATARIOS

Destinado a alumnos e profesores.

DESCRINCIÓN

Impartido por persoal do servizo municipal de emerxencias.

INSCRICIÓNS

O centro debe solicitar o taller, que se desenvolverá nos días e nas horas acordadas, no enderezo formacion@avpcivilogrove.com

TALLER DE BEBIDAS SAUDABLES

OBXECTIVOS

Proporcionar unha alternativa saudable que empece a formar parte dos seus valores e estilo de vida.

Promover o consumo de bebidas diferentes e alternativas ás estandarizadas no seu medio habitual.

DESTINATARIOS

Alumnado do 1º, 2º e 3º ciclo de Educación Primaria.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Sesións previas: Traballo na aula. Profesorado. Facílanse varias fichas de traballo, adaptadas aos diferentes cursos/idades.

Taller: Elaboración dos zumes. Servizo de Prevención. O ingrediente principal desta actividade é a froita variada. Mediante a súa combinación e mestura nunha licuadora realizaranse zumes variados co obxectivo de que estes constitúan unha alternativa saudable para os máis novos/as.

Ficha: para entregar ao pai/nai. Decálogo sobre alimentación.

DATAS

O número de sesións e duración delas será a que cada profesor/a estipule, recomendándose unha sesión de 50 minutos como mínimo, previamente á realización do taller de zumes con cada grupo.

As sesións deben ser executadas nun período aproximado de 7-10 días.

LUGAR

Centros escolares, durante as horas lectivas.

INSCRICIÓN

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

CINE E SAÚDE NA ESCOLA

OBXECTIVOS

Favorecer unha actitude crítica e de autoafirmación mediante a análise de cada película.

Fomentar a adquisición de valores persoais que contribúan á adopción dun estilo de vida saudable.

DESTINATARIOS

Alumnado de Educación Infantil, Primaria e 1º e 2º da ESO

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Visionado da película.

Realizarase a observación e comentario de situacións e actitudes relacionadas cos personaxes da película proxectada.

Traballo da unidade didáctica que se facilita. Actividades individuais e grupais. Postas en común do traballado.

O profesorado conta á súa vez, cunha unidade didáctica complementaria á facilitada ao alumnado con suxestións e pautas de traballo para cada película. As sesións de cine preséntanse coma un importante instrumento motivador e didáctico, nas que o papel do profesorado xoga un papel fundamental.

No caso do alumnado da ESO, os temas a tratar serán diversos, desde acoso escolar, o medo, o grupo de iguais, a adolescencia, o consumo de substancias, perspectiva de xénero, busca de emocións, importancia da familia...

DATAS

A determinar polos centros escolares. O tempo empregado no visionado da película e posterior realización das actividades, será marcado polo

centro/profesorado, que deberá ter en conta a importancia de realizar as actividades en períodos próximos á súa proxección para garantir a súa efectividade.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRICIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

O TABACO. O FUMADOR ARTIFICIAL.

OBXECTIVOS

Xerar unha actitude fundamentada na reflexión que leve ao neno/a ao rexeitamento do consumo de tabaco.

Promover a toma de decisións valorando as consecuencias dos propios actos.

Transmitir de forma experiencial parte dos efectos e consecuencias do consumo de Tabaco.

DESTINATARIOS

Alumnado do 5º curso de Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Sesións previas: Traballo na aula. Profesorado/ Servizo de Prevención. Facílanse varias fichas, adaptadas aos diferentes cursos/idades, para traballar aspectos centrados no tabaco (efectos, espazo sen fume) e na curiosidade.

Taller: Construción do fumador artificial. Servizo de Prevención.

Ficha para entregar ao pai/nai. Decálogo sobre tabaco.

DATAS

A concretar cos centros. O número de sesións e duración delas será a que cada profesor/a estipule, recomendándose unha sesión de 50 min. mínimo, previamente á realización do taller con cada grupo.

As sesións deben ser executadas nun período aproximado de 7-10 días.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRICIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE DROGODEPENDENCIAS: USO/ABUSO DE SUSTANCIAS.

OBJETIVOS

Transmitir conceptos básicos sobre tabaco e alcohol, desmitificando os "aspectos positivos" que rodean ás sustancias.
Fomentar que en base á información recibida, os alumnos/as se auto responsabilicen da súa propia saúde, e sexan capaces de tomar decisións ao respecto.

DESTINATARIOS

Alumnado do 6º curso de Primaria e da ESO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Para alumnado de 6º de Primaria:

Sesión impartida polo Servizo de Prevención.

Pártese dunha choiva de ideas sobre alcohol e tabaco, aclarando conceptos e dúbidas que vaian xurdindo.

Especial dedicación a: os mitos e as actitudes/razóns para consumir.

Reformular qué saben e qué deben saber como punto de partida para tomar decisións responsables en relación coa súa saúde.

Para alumnado da ESO:

Emprego de diferentes recursos e técnicas: vídeo, choiva de ideas, exposición (...) sobre as distintas "sustancias", respondendo ás súas dúbidas con información adaptada ao grupo de idade. Reparto de documentación informativa.

Así ben, centrarémonos no tabaco e no alcohol no primeiro ciclo da ESO e en sustancias como o cannabis, cocaína e drogas de síntese no segundo ciclo desta etapa.

Un dos puntos de partida para tomar decisións responsables en relación coa súa saúde, é que o alumnado teña ao seu alcance información sobre o tema.

DATAS

A concretar cos centros. As sesións teñen unha duración de 50-60 minutos por curso, atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRIPCIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

A PRESIÓN DO GRUPO. TOMANDO DECISIONS.

OBXECTIVOS

Cofecer e interiorizar conceptos como a presión de grupo, toma de decisións, autoestima, asertividade, responsabilidade.

Analizar conxuntamente a presión que exerce o grupo de iguais.

Chegar a ser conscientes das situacións nas que é difícil defender as ideas ou dereitos propios, ou expresar libre e sinceramente os sentimentos pola presión dos diferentes grupos cos que se establece relación.

DESTINATARIOS

Alumnado do 6º curso de Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Sesións impartidas polo Servizo de Prevención.

1ª sesión. Lectura de viñetas. Fichas individuais. Posta en común. Dinámica "que tres cousas levarías a unha illa deserta". Aspectos a traballar: a diversión; razóns para o consumo; que é a presión de grupo.

2ª sesión. Choiva de ideas "un amigo/a é". Fichas individuais. Posta en común. Aspectos: influencia das amizades; os comportamentos; os dereitos asertivos.

DATAS

A concretar cos centros. Dúas sesións de 50-60 minutos cada unha.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRIPCIÓN

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

TALLER DE COMUNICACIÓN E HABILIDADES SOCIAIS

OBXECTIVOS

Contribuír ao desenvolvemento das habilidades sociais e de interacción grupal do alumnado, promovendo modelos de conduta positivos que faciliten a socialización.

Proporcionar habilidades que reforcen a autoestima e a asertividade individual.

Fomentar as capacidades persoais como factores de protección dende unha óptica de educación para a saúde/prevención do consumo de drogas.

Previr a presión do grupo de iguais, e analizar a súa influencia sobre as nosas decisións.

Facilitar estratexias que capaciten ao alumnado a unha valoración e toma de decisións posterior responsable.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 3º e 4º de Educación Primaria e 1º, 2º e 4º da ESO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Análise de conceptos: habilidades sociais, comunicación, empatía, comportamentos, grupo de iguais, autoestima, autoimaxe, asertividade.

Áreas de desenvolvemento educativo afectivo, intelectual e social, comprendendo distintos módulos de traballo: a comunicación; habilidades sociais (interacción, oposición, autoafirmación); a presión de grupo; desenvolvemento de valores; comportamentos (pasivoagresivo-asertivo); expresión emocional; aprender a tomar de decisións; técnicas e trucos.

Fomento da participación activa na aula, mediante o emprego de elementos audiovisuais como a música e o vídeo, traballando os temas posteriormente mediante o debate e/ou fichas de traballo. Exposición de imaxes, presentacións power point.

DATAS

A concretar co centro. A duración estimada do taller son dúas/tres sesións de 50-60 minutos cada unha. A valorar a duración total do taller segundo a demanda.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRIPCIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

TALLER DE AUTORRESPONSABILIDADE AFECTIVO-SEXUAL

OBXECTIVOS

Fomentar que en base á información/formación recibida, os alumnos/as se autorresponsabilicen da súa propia saúde, e sexan capaces, en función dos coñecementos adquiridos, de controlar e tomar decisións ao respecto a nivel comportamental/conductual.

Proporcionar claves e habilidades que axusten a percepción de risco á realidade.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 3º e 4º da ESO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

1ª sesión. Análise de conceptos: autorresponsabilidade; perspectiva global saúde (física, psíquica, social); afectividade; sexualidade; intimidade; o xénero.

Análise de situación: percepción de risco; vulnerabilidade; condutas; asertividade.

2ª sesión. Presentacións: as infeccións de transmisión sexual (ITS); os métodos anticonceptivos.

3ª sesión. Todo o que hai que saber sobre o preservativo.

Dinámicas: triángulo da saúde; manexo métodos anticonceptivos; colocación preservativo.

Exposición de imaxes, presentacións power point.

Entrega de preservativos.

DATAS

A concretar co centro. A duración estimada do taller é de tres sesións de 50 minutos para 3º da ESO. Realización dunha sesión de 50 minutos para 4º da ESO. A periodicidade recomendada é unha separación máxima dunha semana entre cada sesión das tres das que consta o taller.

LUGAR

Centros escolares

INSCRIPCIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

PUBLICIDADE E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

OBXECTIVOS

Coñecer, analizar e valorar a influencia do medio social nos hábitos do alumnado.

Analizar e valorar os elementos da publicidade e a súa influencia nos consumidores.

Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica ante a publicidade e o consumo con efectos negativos para a saúde.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 1º e de 3º de ESO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A publicidade ocupa un lugar importante entre as fontes de información que poden influír nas nosas opinións e comportamentos.

En moitas ocasións, consegue influír nas nosas decisións sen que sexamos conscientes diso.

Nesta liña, analizaremos distintas técnicas publicitarias que permitan ao alumnado facer unha análise crítica sobre a mesma.

Emprego de medios audiovisuais (vídeos, imaxes, presentacións)

DATA

A concretar cos centros. A duración estimada do taller é dunha sesión de 50 minutos por curso atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRICIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

LÍMITES DA INTIMIDADE

OBXECTIVOS

Difundir o concepto de intimidade desde varias das súas vertentes: como valor, como dereito, como forma de relacionarse, como acto e sentimento privado, etc. Establecer claves e límites da intimidade dentro do propio grupo-aula, intentando o logro dun compromiso grupal.

Reforzar o comportamento asertivo individual.

DESTINATARIOS

Alumnos/as de 1º e 2º da ESO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Exposición. Visionado e análise do vídeo sobre dereitos humanos.

Traballo da fábula "triple filtro de Sócrates".

DATA

A convir co centro. A duración do taller é dunha sesión de 50 minutos por curso, atendendo ás necesidades do grupo.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRICIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

TRASTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA

OBXECTIVOS

Promover unha concepción da saúde desde unha perspectiva integral (física, psicolóxica e social).

Favorecer unha análise crítica do entorno, fundamentalmente sobre os valores que se transmiten a traq´ves dos MCS e os modelos de beleza.

Reforzar o comportamento asertivo, para que o adolescente sexa capaz de afirmarse a si mesmo fronte aos posicionamentos dos demais.

DESTINATARIOS

Alumnado de 4º da ESO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Análise de conceptos, tipos de TCA, a beleza, influencias sociais e transmisión de modelos (publicidade, revistas, internet), perspectiva de xénero.

Presentación diapositivas.

Visionado e análise de distintos momentos do vídeo "mi cuerpo, mi enemigo".

DATA

A convir cos centros escolares. A duración do taller é dunha sesión de 50 minutos.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRIPCIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo saudeprevencion@concellodogrove.com

COMO MANEXAR AS MIÑAS EMOCIÓNS

OBXECTIVOS

Facilitar aos nenos e nenas e adolescentes unha axeitada xestión das emocións, dotándoos dos recursos necesarios para manexar e canalizar as súas emocións dunha forma adecuada a cada situación e para identificar as emocións das persoas que lles rodean.

Promover a competencia persoal e social.

Previr nos nenos, nenas e adolescentes posteriores dificultades no desenvolvemento cognitivo, emocional e social.

DESTINATARIOS

1º e 2º ciclo de primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Taller dirixido aos rapaces de 8 a 18 anos no que a través dunha dinámica participativa traballase a identificación de emocións como a rabia, o medo, a ansiedade...., como un primeiro paso para unha adecuada xestión das mesmas. É necesario proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes ferramentas que lles axuden a manexar estas emocións de maneira que poidan conseguir expresar e manifestalos de forma positiva.

DATAS

Seis sesións dunha hora en datas e horario a determinar polo centro.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRIPCIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo educadorfamiliar@concellodogrove.com

RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

OBXECTIVOS

Aprender a convivir cón conflito e a afrontalo de maneira constructiva.
Que os xoves adquiren valores de respecto e cidadanía cívica, así como desenrolen estratexias aplicables á súa vida diaria.

DESTINATARIOS

Alumnado de 3º ciclo de Primaria e 1º e 2º ciclo de ESO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Talleres dirixidos a educar aos xoves na resolución de conflitos. Os talleres estarán impartidos polo educador familiar.

DATAS

A concretar co centro. A actividade ten unha duración de catro sesións de dúas horas a dúas horas e media.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRICIÓN

Solicitarase o taller no enderezo educadorfamiliar@concellodogrove.com

CONTOS CONTRA O MALTRATO

OBXECTIVOS

O obxectivo da intervención é aplicar un programa integrado que contemple actividades a desenrolar con nenos dentro do contexto escolar, coa finalidade de previr o maltrato infantil. Así mesmo preténdese sensibilizar aos profesionais que desenrolan a súa función nos centros docentes sobre a problemática do maltrato e a desprotección infantil, sobre a necesidade de actuacións de carácter preventivo.

Polo tanto, o programa ten un dobre propósito: concienciar ós mestres da importancia de detectar e notificar situacións de malos tratos dentro do contexto escolar e formar ós nenos sobre como actuar en situacións de abuso ou maltrato.

Os obxectivos específicos do programa son:

- Informar aos alumnos sobre os dereitos que os protexen e as necesidades que deben ter cubertas segundo a súa idade para que poidan coñecelas.

- Abordar os distintos tipos de maltrato infantil: abuso sexual, maltrato físico, abandono físico, maltrato emocional, abandono emocional, explotación sexual e explotación laboral.

- Achegar nocións básicas sobre os distintos tipos de maltrato infantil para axudar ós alumnos a recoñecer as situacións de maltrato.

- Concienciar os nenos da importancia que ten a denuncia, ante a aparición dos primeiros indicios o indicadores, de calquera tipo de maltrato.

- Orientar ó alumno sobre como actuar e onde acudir ante unha situación de maltrato.

- Axudar a eliminar o sentimento de culpa ante una situación de maltrato, fomentando a confianza e a autoestima dos alumnos.

- Aprender a confiar nos adultos, tendo en conta que non todos son agresores, e po lo tanto poden e deben contar con eles coma confidentes.

- Crear nos nenos unha toma de conciencia sobre esta problemática para que fagan de portavoz difundindo dita información na súa rede social ou familiar.

- Posibilitar aos alumnos o espazo, e as oportunidades para analizar, experimentar, e expresar as súas emocións en relación con este tema.

Informar, ofrecer pautas e estratexias para resolver os conflitos de forma non violenta.

DESTINATARIOS

Alumnado de idades comprendidas entre os 9 e os 12 anos.

Ao longo de doce sesións establécense como obxectivos que os nenos tomen conciencia do maltrato infantil, identifiquen situacións de abuso e aprendan estratexias de afrontamento (pedir axuda). A través da narración de contos aos nenos e a representación dos mesmos, aprenderán cales son os principais tipos de maltrato infantil (maltrato físico e emocional, abandono físico e emocional e abuso sexual), como recoñecer os sentimentos dos demais, cales son as causas dalgúns abusos e as súas consecuencias, como inflúen os sentimentos na conduta das persoas, como verbalizar e representar sentimentos nas diversas situacións a través de role-playing, e tamén a facerse conscientes dos sentimentos e as necesidades dos outros.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Proponse a utilización do conto como instrumento para a prevención. O relato dunha historia fantástica, como é o conto, sempre ten un auditorio disposto a escoitar. Os contos sempre suscitan o interese do neno, fomentan a súa imaxinación e ensínanlle a escoitar, pensar e falar. As posibilidades que este tipo de relatos ofrece para a dramatización e a dinamización, así como a facilidade coa que poden adaptarse ós diferentes intereses e momentos evolutivos dos nenos, fan del un elemento idóneo para a prevención dos malos tratos a infancia.

DATAS

Os temas trabállanse en 12 sesións. Como a acción titorial na Educación Primaria non se materializa nunhas horas concretas; propoñemos que as distintas sesións do programa se traballen trimestralmente, podéndose facer unha sesión semanal e dedicando entre unha-unha e hora e media a cada tema tratado. Así pois realizaríanse unhas 12 sesións cunha duración de 12-18 horas que abarcarían uns tres meses ó longo do curso escolar.

LUGAR

Centros escolares.

INSCRIPCIÓNS

Solicitarase o taller no enderezo educadorfamiliar@concellodogrove.com

PREVENCIÓN DO ABSENTISMO NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

OBXECTIVOS

Todos estamos de acordo na relación existente entre o absentismo e o rendemento e a súa vinculación directa co fracaso escolar e coa desestructuración da clase, porque a falta de continuidade na asistencia dos alumnos ou a incorporación tardía de outros, impide que o grupo-clase sexa estable e prodúcese conflitos que afectan a todo o centro. Polo tanto, se conseguimos que sexan os mesmos alumnos os que se sintan motivados e desexen engancharse ao tren do cole, conseguiremos que a prevención do absentismo sexa máis efectiva. Temos que tentar que os nenos acudan a clase desde os 3 anos, para que se habitúen e pidan aos seus pais que lles leven ó colexio. Se os nenos asisten a clase desde idades temperás, logo é mas difícil que abandonen o sistema educativo.

DESTINATARIOS

Dirixido os alumnos de 2º ciclo de educación Infantil. Pódese desenvolver cos profesores dos centros con alumnos nestes niveis escolares que detectaran unha maior irregularidade na asistencia dos menores a clase, xa que esta etapa non é obrigatoria e polo tanto pode haber grandes flutuacións na mesma.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Aproveitando parte das clases de Plástica e expresión artística, a actividade consistiría na realización dun tren de grandes dimensións que constaría de 10 vagóns que representarían os meses de outubro a xuño. As fotografías dos alumnos que non faltaran a clase "soben" ao vagón correspondente. Mentres, estas imaxes permanecen expostas á vista de pais, profesores e compañeiros, e ao finalizar o mes entregaríase un diploma de honor aos nenos que asisten con regularidade ou que aumentasen a súa regularidade na asistencia escolar.

DATAS

Ao longo do curso escolar.

LUGAR

Nos colexios do concello que o soliciten, e especialmente naqueles que detecten maiores problemas na regularidade da asistencia dos nenos de 2º ciclo de Educación Infantil.

INSCRICIÓN

Solicitarase o taller no enderezo educadorfamiliar@concellodogrove.com

INCLUSIÓN ESCOLAR PREVENCIÓN DO ABSENTISMO NA ESO

OBXECTIVOS

O obxectivo principal é a motivación cara o estudo e as condutas e hábitos adecuados para non recorrer a unha nova expulsión do centro.

Ofrecer unha alternativa ao alumnado ante a expulsión do centro, evitando que a expulsión se converta nunha oportunidade para pasar a mañá só nas súa casa.

Intervención psicolóxica na problemática que produce a expulsión escolar do alumno.

DESTINATARIOS

Alumnado da ESO

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Actividade individualizada en horario de mañá e previo aviso con 24 horas de antelación. Contido e posibles problemáticas a tratar nas sesións:

- Conductas inadecuadas / adecuadas

- Acoso escolar

- Atención selectiva

- Atención mantida

- Autocontrol mediante autoinstrucións

- Memoria

- Neutralizar elementos distractores

- Resolución de problemas en los ejercicios

- Bloqueos ante exámenes

DATAS

Durante o curso escolar, cando o centro e os pais do alumno fagan a solicitude.

LUGAR

En centros municipais.

INSCRICIÓN

O centro, co consentimento dos pais, solicita a sesión no enderezo educadorfamiliar@concellodogrove.com ou no teléfono 986 730 609

EDUCACIÓN VIAL

OBXECTIVO

O obxectivo é sensibilizar aos alumnos sobre os riscos da circulación, e preparalos para que fagan fronte ás responsabilidades que teñan como peatóns ou que adquiren como condutores de vehículos: bicicletas...; e axudarlles a tomar conciencia da súa responsabilidade na vida social, de forma que poidan contribuír a mellorar as condicións de circulación, velando pola propia seguridade e o comportamento de maneira responsable, tendo en conta aos demais usuarios.

No caso dos estudantes da ESO, o curso centrarase tamén na seguridade vial en ciclomotores.

DESTINATARIOS

Destinado a alumnos de primaria e ESO.

DESCRIPCIÓN

Impartido pola Policía Local do Grove. Inclúe sesións teóricas e prácticas.

INSCRIPCIÓNS

O centro debe solicitar a actividade, que se desenvolverá nos días e nas horas acordadas. As inscricións faranse no enderezo xefepolicialocal@concellodogrove.com

LUGAR

Centros escolares.

PUNTOS DE INFORMACIÓN NOS INSTITUTOS

DESTINATARIOS

Educación secundaria obrigatoria e Bacharelato

OBXECTIVOS

Descentralizar a información da OMIX
Fomentar o uso dos recursos municipais
Servir como espazo de encontro e intercambio de información

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Facilitar á mocidade e ao profesorado do centro información de interese nos seus centros de estudo.

DATAS

Outubro a xuño

HORARIO

Durante o recreo

CENTROS

IES Monte da Vila e IES Bizocas

INSCRICIÓNS

No enderezo electrónico omix@concellodogrove.com

SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA

OBXECTIVOS

Fomentar entre os escolares a lectura dos xornais e axudarlles a desenvolver un sentido crítico.

DESTINATARIOS

Dirixido a alumnos de 5º e 6º de primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Visita ao centro de xornalistas da comarca, que achegarán moitos aspectos da profesión aos alumnos e tamén darán algún consello para escribir mellor.

INSCRICIÓNS

O centro debe solicitar o taller, que se desenvolverá nos días e nas horas acordadas. As inscricións deberanse facer no enderezo laura.besada@concellodogrove.com. Terán prioridade aqueles centros que non disfrutasen da actividade o curso pasado

Proposta: adhesión ao programa Prensa-Escuela da Voz de Galicia.

OLIMPIADA ESCOLAR – TORNEOS INTERESCOLARES

OBXECTIVOS

Impartir o espírito olímpico.

Desenvolver o entre os alumnos a idea "o importante é participar".

Desenvolvemento das habilidades básicas.

DESTINATARIOS

Alumnado de 4º e 6º de Primaria

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Tras o éxito acadado o curso pasado, queremos continuar coa experiencia deste formato de competición entre os diferentes centros escolares do concello. Como novidade para este curso engádese no Nadal unha competición para o alumnado de 4º de Primaria.

DATAS

Para o alumnado de 4º de primaria, equipos femininos e masculinos.

MÉRCORES 26 DE DECEMBRO: FÚTBOL SALA

Lugar: Terra de Porto ou Pavillón Municipal (se hai mal tempo)

Horario: De 10:00 a 13:30

XOVES 27 DE DECEMBRO: BALONCESTO

Lugar: Pavillón Municipal

Horario: De 10:00 a 13:30

VENRES 28 DE DECEMBRO: BALONMÁN

Lugar: Terra de Porto ou Pavillón Municipal (se hai mal tempo)

Horario: De 10:00 a 13:30

SÁBADO 29 DE DECEMBRO: BRILÉ

Lugar: Terra de Porto ou Pavillón Municipal (se hai mal tempo)

Horario: De 10:00 a 13:30

Para o alumnado de 6º curso o torneo terá lugar en maio, coincidindo co remate do curso e o inminente cambio cara o instituto.

SÁBADO 12 DE MAIO: FÚTBOL SALA

Lugar: Terra de Porto

Horario: De 16:00 a 20:00

SÁBADO 19 DE MAIO: BALONCESTO

Lugar: Pavillón Municipal

Horario: De 16:00 a 20:00

SÁBADO 26 DE MAIO: BALONMÁN

Lugar: Terra de Porto

Horario: De 16:00 a 20:00

SÁBADO 2 DE XUÑO: BRILÉ

Lugar: Terra de Porto

Horario: De 16:00 a 20:00

INSCRIPCIÓN

No enderezo tecnicodeportes@concellodogrove.com

MAXIA POTAXIA

OBXECTIVOS

Gozar dun espectáculo artístico en grupo.
Desenvolver a imaxinación e a creatividade.

DESTINATARIOS

Alumnos de educación infantil e primaria.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O Concello do Grove ofreceralle aos centros a oportunidade de gozar dun espectáculo de maxia dentro do centro educativo.

DATAS

Durante o mes de decembro.

LUGAR

Nos centros escolares.

INSCRICIÓNS

Nos enderezos electrónicos laura.besada@concellodogrove.com ou aida.filgueira@concellodogrove.com. Terán prioridade aqueles centros escolares nos que non se organizase a actividade o curso pasado.

TALLERES DE CONSUMO

OBXECTIVO

Tratar de maneira monográfica os temas clásicos da educación do consumidor co fin de educar a futuros consumidores conscientes e responsables.

DESTINATARIOS

Alumnos de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Talleres e obradoiros sobre diferentes temas relacionados co consumo.

DATAS

Pendente de subvención.

HORARIO

A determinar polo centro educativo.

LUGAR

Centro educativo.

INSCRICIÓNS

No enderezo electrónico marta.dominguez@concellodogrove.com

DE COMPRAS NO COMERCIO LOCAL

OBXECTIVO

Concienciar aos nenos e nenas sobre a importancia de comprar no comercio local e de coñecer os diferentes tipos de negocios.

DESTINATARIOS

Alumnos de educación infantil.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

En colaboración co Centro Comercial Aberto e EMGROBRES. Campaña divulgativa dirixida aos máis pequenos, para que se familiaricen co día a día dos maiores. A través da actividade trátase de concienciar aos nenos sobre a importancia de comprar no comercio local e de coñecer os distintos tipos de negocios existentes no Centro Comercial Aberto de Tendas. Cun euro, os pequenos deberán administrarse para facer as súas compras.

DATAS

A concretar co centro.

LUGAR

Comercios do Centro Comercial Aberto De Tendas.

INSCRIPCIÓN

No enderezo electrónico marta.dominguez@concellodogrove.com

INCORPORACIÓN AO MERCADO LABORAL

OBXECTIVOS

Preparar ao alumnado para a súa incorporación ao mundo laboral, xa que a partir dos 16 anos teñen a idade legal para traballar.

Analizar o mercado laboral local e comarcal.

Difundir os recursos existentes no concello de apoio de iniciativas económicas e na busca de emprego por conta allea.

Motivar para continuar formando como recurso imprescindible para incorporarse ao mercado laboral con maiores expectativas de éxito.

DESTINATARIOS

Alumnado de 3º e 4º da ESO, de Programas de Diversificación Curricular e dos Programas de Capacitación Profesional Inicial.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Cos grupos de 3º realizarase unha sesión de achegamento ao mercado laboral, recursos de apoio e análise dos seus coñecementos da realidade laboral e as súas perspectivas inmediatas.

Cos grupos de 4º profundízase máis sobre coñecementos do mercado laboral, variables que inflúen na inserción laboral, recursos que existen para apoialos nas súas iniciativas, a estrutura económica local. Intereses persoais, o autoemprego como saída laboral.

En definitiva, inténtase que un profesional de fóra da comunidade educativa lles axude a reflexionar sobre unha situación vital inmediata e que as decisións que tomen agora van a condicionar unha parte da súa vida importante, como as perspectivas de éxito no mundo laboral. Asemade, interésanos que coñezan os recursos de apoio que o concello pon á súa disposición para colaborar coas súas cuestións, dúbidas...

DATAS

A convir cos centros escolares. Son tres sesións de 50 minutos.

LUGAR

Nos propios centros escolares.

INSCRIPCIÓN

No enderezo electrónico adlogrove@concellodogrove.com

ELIMINACIÓN DE PLANTAS AUTÓCTONAS

OBJETIVO

Concienciar ao alumnado na preservación da flora autóctona e as consecuencias negativas que producen as especies alóctonas no ecosistema.

DESTINATARIOS

3º e 4º da ESO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os alumnos asisten a unha primeira charla-coloquio onde se vai poñer de manifesto a situación actual de este tipo de plantas. Unha vez explicado o procedemento a seguir, farase unha saída de campo para poñer en práctica o aprendido, seleccionando unha área de actuación na que se poñerá en marcha o programa. Inicialmente farase unha primeira saída para eliminar as plantas e despois unha segunda para observar a área tratada e comezar outras novas.

DATAS

Primeira saída en febreiro e segunda, en maio.

HORARIO

O horario aproximado será de 10:00 a 13:00 horas.

INSCRIPCIONES

No enderezo electrónico medioambiente@concellodogrove.com

A ILLA DA TOXA, A LENDA DO BURRO

OBJETIVO

Contribuír ao reto de todos, como sociedade, de conservar a imaxe dun animal que formou parte durante séculos da vida diaria do noso pobo.

DESTINATARIOS

Alumnos de 4º e 6º de primaria

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Asociado aos muíños como os que existen no lugar do Esteiro, en Moreiras na parroquia de San Vicente, estes animais foron unha estampa constante

do noso pobo. Hoxe en día perdéronse igual que o están entre os bosques de ribeira e a vexetación os muíños referidos. Tales obxectivos tornaríanse inviables, si a sociedade grovense e as novas xeracións de rapaces, carecen dun contacto directo con estes animais, sen información acerca das múltiples ocupacións deste para o beneficio do home e de forma non menos importante, sen un achegamento afectivo o animal. A aposta firme deste concello é axudar á recuperación de estes equinos que están en serio perigo de extinción e para elo ímolo facer a través dunha unidade didáctica no que o animal que está na illa da Toxa sexa o vehículo condutor para coñecer o parque forestal da illa da Toxa.

DATAS

Visita á zona recreativa dos burros no parque forestal da illa no mes de abril ou maio.

HORARIO

O horario aproximado será de 10:00 a 13:00 horas.

INSCRICIÓNS

No enderezo electrónico medioambiente@concellodogrove.com

RUTAS DE SENDEIRISMO

OBXECTIVO

Fomentar actividades ao aire libre en contacto coa natureza.
Dar a coñecer a riqueza medio ambiental e paisaxística do Grove.

DESTINATARIOS

6º de Primaria

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnos coñecerán unha das rutas homologadas pola Federación Galega de Montañismo existentes na península do Grove. Unha delas por exemplo é a de "Adro Vello". Esta zona é unha paraxe de contrastes na que poderemos acadar a Galicia rural, observar as praias de area fina e branca que invitan a quedarse e mergullarse na historia local plagada de referencias durante a camiñata. Ámbolas dúas rutas están cheas de historia, nas que encontraremos o famoso xacemento de Adro Vello ou as antigas salgadeiras, fontes de riqueza e traballo do pobo durante séculos. As rutas son dun gran valor ambiental xa que transcorren pola zona protexida da Rede Natura 2000. A extensión que teñen cada unha de elas (ruta de Adro Vello ou ruta de Con Negro) teñen aproximadamente uns tres quilómetros de distancia.

DATAS

Maio, a concretar co centro.

HORARIO

10:00-13:00 horas. O horario é aproximado.

INSCRICIÓNS

No enderezo electrónico medioambiente@concellodogrove.com

ENCONTROS CON MULLERES E HOMES CON PROFESIÓN NON TRADICIONAIS

OBXECTIVO

Presentar casos de persoas que seguiron as súas vocacións sen ter conta dos prexuízos relativos a súa elección profesional.

DESTINATARIOS

Charla dirixida ao alumnado de primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os alumnos coñecerán a historia de persoas que desenvolven traballos que tradicionalmente eran femininos ou masculinos. As alumnas e os alumnos poderán participar con preguntas e reflexionaron sobre o tema. Os convidados a impartir estas charlas explicarán os motivos das súas eleccións, os aspectos positivos, as dificultades, os prexuízos atopados e o grado de satisfacción co seu emprego.

DATAS

A concretar co centro.

INSCRICIÓNS

No enderezo electrónico aida.filgueira@concellodogrove.com

EXPOSICIÓN DE IMAXES E FRASES

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Buscando a colaboración de diversos entes deseñárase un conxunto de imaxes para ser empregadas nos entes, empresas, lugares de traballo que queiran expor estas imaxes e ser partícipes da cooperación en igualdade (Lonxas, Centros escolares, entes públicos,etc). Formando unha especie de mostra itinerante en igualdade.

INSCRICIÓN

No enderezo electrónico aida.filgueira@concellodogrove.com



CONCURSOS E PREMIOS ESCOLARES

XIV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL

O Concello do Grove convoca ao alumnado de educación infantil e primaria a participar no 14.º Concurso Concello do Grove de Postais do Nadal.

Poderán participar todos os rapaces e rapazas de educación infantil e educación primaria.

O tema para desenvolver será o do Nadal e a técnica é totalmente libre.

A presentación dos traballos terá como data límite o mércores 28 de novembro, nos centros escolares ou na Biblioteca Municipal Manuel Lueiro Rey, en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 horas.

Os debuxos deberán estar presentados nun folio DIN A4 e, a ser posible, totalmente debuxados.

As obras deberán levar na parte posterior do folio o nome e apelidos do/da participante, así como o curso e o centro educativo onde está matriculado/a.

Os debuxos participantes serán expostos na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey a partir do mércores 5 de decembro.

Os debuxos non elixidos permanecerán na exposición ata o mércores 26 de decembro, e seranlles devoltos aos participantes que o soliciten na biblioteca.

Os dereitos do debuxo escollido pasarán á organización, que poderá facer uso del, na promoción do Nadal na nosa vila, do xeito que estime oportuno.

O premio para o debuxo gañador será un lote de libros, material escolar e a súa publicación en forma de **postal do Nadal dixital**, que utilizará o Concello do Grove para realizar as felicitacións oficiais do Nadal.

O ditame do xurado darase a coñecer o martes 4 de decembro.

A participación neste concurso supón a aceptación da totalidade das presentes bases.

A entrega de premios será o venres 21 de decembro, antes dunha sesión de títeres de Nadal, na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey.

II CONCURSO DE RELATO CURTO CONCELLO DO GROVE

Estableceranse dúas modalidades: unha para bacharelato e outra para segundo ciclo da ESO.

Poderán concursar os estudantes de bacharelato e segundo ciclo da ESO nas súas respectivas modalidades.

As persoas interesadas poderán participar cun microrrelato —orixinal, inédito e da súa autoría— que non fose premiado en ningún outro concurso.

Os relatos poderán redactarse en calquera das dúas linguas oficiais de Galicia. Cada concursante poderá presentar un máximo dun orixinal.

O tema será libre.

A extensión será de entre 400 e 600 palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos a dobre espazo, en follas tamaño DIN-A4 e sen asinar ou asinado con pseudónimo.

O relato entregárase impreso por triplicado e en arquivo electrónico (CD), en formato Word nun sobre. Así mesmo, anexarase unha plica en cuxo exterior constará unicamente o título e o lema e no seu interior o lema e o título, xunto co nome, apelidos, enderezo, teléfono e correo electrónico do autor ou autora, así como o nome do centro educativo.

Os traballos entregáranse no propio centro escolar, e o persoal municipal designado pasará a recollelos o 28 de febreiro de 2012 ás 13.30 h.

Premios en cada unha das categorías. Establecerase un premio en cada categoría: publicación do relato na revista Sustansia do mes de abril, 100 euros en cheques regalo e lotes de libros.

Os autores ou autoras dos traballos gañadores cederanlle os dereitos de propiedade intelectual e industrial ao Concello do Grove, que se reserva o dereito de calquera forma de publicación ou edición dos contos premiados, que quedarán en propiedade da Institución convocadora, sen que os seus autores ou autoras teñan dereito a máis recompensa que as cantidades fixadas nestas bases.

As obras gañadoras publicaranse na web do Concello do Grove.

Os traballos que non resulten premiados seranlles devoltos aos autores ou autoras que o reclamen nun prazo non maior aos trinta días posteriores á publicación dos resultados na revista Sustansia. Unha vez transcorrido tal período sen seren reclamados, serán destruídos.

Os asuntos non especificados nesta convocatoria serán resoltos por quen organiza.

O prazo para a presentación de orixinais finalizará o día 28 de febreiro de 2012. O ditame do xurado farase público a primeira semana de marzo e a entrega de premios terá lugar o día 2 de abril de 2012.

O xurado, cuxas decisións serán inapelables, será dado a coñecer co ditame do premio.

A participación no concurso leva implícita a aceptación expresa de todas as condicións destas bases, incluídas a edición e a publicación, así como as decisións e o ditame do xurado, e todo iso sen necesidade de novos requisitos.

II CONCURSO ESCOLAR DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL

O Concello do Grove convoca o II Concurso Concello do Grove de fotografía medioambiental para escolares, con motivo da celebración, o 5 de xuño, do Día Mundial do Medio Ambiente.

1º OBXECTO DO CONCURSO:

Concienciar á poboación grovense sobre as causas, os efectos e as solucións asociadas ao cambio climático e á perda da biodiversidade.

2º PARTICIPANTES:

A este concurso poderá presentarse todo o alumnado do último ciclo de primaria e do último ciclo de secundaria de todos os centros públicos do Concello do Grove, establecéndose un máximo de dúas fotografías por autor participante.

3º CATEGORÍAS:

5º e 6º de Primaria
3º e 4º de Secundaria

4º TEMÁTICA:

As imaxes farán referencia á biodiversidade e outros aspectos relacionados co medio ambiente do municipio:

- Retratos naturais: imaxes que capturen recursos naturais de flora e fauna.
- Boas prácticas medioambientais: que se convertan en chamadas de atención para expresar, con especial sensibilidade, o respecto polo medio ambiente.
- Malas prácticas medio ambientais: imaxes que reflectan este tipo de feito.

5º REQUISITOS DAS IMAXES:

As fotografías deberán ser inéditas e non ter sido premiadas, nin recoñecidas ou seleccionadas noutros certames ou convocatorias similares. Serán excluídas aquelas fotografías que sexan retocadas, *collages*, montaxes ou fotografías pintadas.

Si na fotografía aparecen imaxes de persoas, serán tratadas conforme á Lei Orgánica 15/199 de Protección de Datos de Carácter Persoal.

6º FORMA DE PRESENTACIÓN E ENVÍO DAS FOTOGRAFÍAS:

- ✧ Os traballos presentados serán orixinais e realizados en branco e negro ou en cor, e terán formato de 30x21 cm (DIN A4)

- ⤴ As fotos irán montadas sobre cartolina da cor que o autor/a considere, e acompañados dunha copia en soporte dixital nun CD en formato JPG.
- ⤴ As imaxes irán acompañadas nun folio anexo dos seguintes datos:
 - Título da fotografía
 - Breve explicación do contido
 - Lugar onde foi feita
 - Nome, apelidos e idade do alumno/a participante
 - Centro de estudos, curso e grupo ao que pertence
 - Teléfonos de contacto
 - Autorización, se fose o caso, da persoa ou persoas que aparezan nas imaxes

7º AVALIACIÓN DOS TRABALLOS:

Faranse segundo as seguintes fases:

- ⤴ O alumnado participante entregará os seus traballos aos seus respectivos titores/as
- ⤴ Representantes municipais recollerán os traballos.
- ⤴ Os traballos serán valorados polo xurado designado, e os criterios de avaliación serán os especificados nos puntos 8 e 9.

8º CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Os criterios de valoración basearanse na:

Creatividade

Orixinalidade

Adecuación ao tema

Capacidade e claridade de transmitir a mensaxe

Grao de contribución á sensibilización e concienciación ambiental na poboación escolar

9º XURADO:

O xurado estará formado, como mínimo, polos seguintes membros: un profesional da fotografía, un representante da concellería de educación do concello do Grove, un representante da concellería de medio ambiente do concello do Grove e un funcionario/a da administración local que actuará en calidade de secretario do xurado. O xurado, cuxas decisións serán inapelables, será dado a coñecer co ditame del premio. Facultarase o xurado para dilucidar sobre todas as cuestións non previstas nestas bases que poidan xurdir durante o desenvolvemento do concurso.

10º PREMIOS:

Dous premios de 100 euros en cheques regalo. Concederase un premio por categoría, un para os niveis de 5º e 6º de primaria e outro para os niveis de 3º e 4º de secundaria. Todas as fotografías formarán parte dunha exposición fotográfica que se realizará na Casa da Cultura do Grove.

11º PROPIEDAD DAS IMAXES:

As fotografías gañadoras pasarán a ser propiedade do concello, reservándose este o dereito de ser utilizadas en promocións ou publicacións posteriores, ou no que considere oportuno que estea dentro da temática da convocatoria.

12º DATAS DE ADMISIÓN DOS TRABALLOS E DATAS DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO:

- a. Período de achega dos traballos: do 1 ao 30 de abril de 2012.
- b. Datas de valoración do xurado: do 13 ao 15 de maio de 2012.
- c. Data de entrega dos premios: 5 de xuño, lugar por confirmar.

¿QUE É UNHA TENDA PARA TI?

OBXECTIVOS

Saber como perciben os escolares o comercio.

Poñer en valor o pequeno comercio do municipio.

Que os nenos e nenas reflexionen sobre os valores do comercio e a importancia de revitalizar as rúas.

DESTINATARIOS

Alumnos de 1º a 6º de Primaria.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Concurso de debuxo ou redacción, dependendo das idades. As bases presentaranse aos colexios durante o curso escolar.

PREMIOS DE EXCELENCIA ACADÉMICA

O Concello do Grove, co obxectivo de recompensar o esforzo realizado polos alumnos máis sobresaíntes no actual curso escolar e nos centros públicos de secundaria deste municipio, e como estímulo para os demais compañeiros, convoca o Premio á Excelencia Académica do Concello do Grove en Educación Secundaria:

O obxecto da convocatoria será o de premiar o rendemento educativo do alumnado con mellor expediente académico en cada unha das etapas de educación secundaria, que cursaron estudos durante o curso 2012/2013 nalgún dos dous centros públicos deste concello, IES Monte da Vila e IES As Bizocas.

Outorgaranse dous premios iguais, un para a ESO e outro para Bacharelato, aos alumnos e alumnas cos mellores expedientes académicos en cada unha

das dúas etapas. A valoración basearase na nota media das súas cualificacións nos catro cursos de ESO ou nos dous de Bacharelato, segundo sexa o caso, excluindo a materia de relixión.

Os directores ou directoras de cada un dos centros remitirán ao Concello do Grove a proposta do alumnado aspirante a ditos premios ao remate do curso escolar, acompañada do certificado da nota media das súas cualificacións.

Unha comisión realizará a elección das persoas premiadas en base ás cualificacións obtidas polo alumnado. Esta comisión estará presidida pola concelleira delegada de Educación, e formarán parte como vocais os directores dos centros, actuando un deles como secretario. Esta comisión dirimirá os empates no caso de producirse.

O premio en cada unha das categorías consistirá na entrega dun diploma acreditativo e cheques regalo por valor de 200 euros.

Entrega dos premios: a entrega dos Premios de Excelencia Académica 2011/2012 outorgaranse o venres 9 de novembro ás 20.00 horas na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey.



RETORNO EDUCATIVO
Para ti tamén hai sitio

CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DO GRADUADO EN ESO PARA PERSOAS ADULTAS

OBXECTO

Son obxecto das presentes bases o regulamento das condicións que se terán en conta para outorgar as axudas económicas que concede o Concello do Grove e que están destinadas a incentivar que as persoas maiores de 18 anos que non completaron os seus estudos básicos ou que teñen a EXB, pero non a ESO, rematen os seus estudos e obteñan o título de graduado en ensinanza secundaria obrigatoria (ESO), durante o presente curso 2011-2012, mediante a presentación ás probas extraordinarias que convoca anualmente a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Estas axudas cubrirán os gastos de academia desde novembro a xuño –que engloba dous módulos divididos en dous cuatrimestres de educación secundaria para persoas adultas-, en caso de que o alumno ou alumna finalice con éxito os seus estudos nalgunha das dúas convocatorias anuais establecidas –ordinaria e extraordinaria-.

FINANCIAMENTO

O importe das axudas financiarase con cargo á partida 2012.320.48000, denominada Ensinanza, axuda formación de adultos polo importe máximo de 5.000,00 euros.

BENEFICIARIOS

Serán beneficiarias todas as persoas maiores de 18 anos empadroadas no Concello do Grove que, tras recibir ensinanzas en academias da localidade, obteñan o título de graduado en ESO tras presentarse ás probas libres ou na modalidade a distancia que convoca anualmente a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Para poder optar a estas axudas, a renda máxima da unidade familiar non poderá superar o dobre do salario mínimo interprofesional de renda anual.

PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN

As persoas interesadas presentarán a solicitude no Concello do Grove, xuntando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Certificado de empadramento
- Certificado da obtención do título en ESO
- Facturas de academia durante o curso en vigor
- Copia da declaración da renda ou xustificante de non realizala, ou ben autorización ao Concello para solicitar os datos correspondentes da Axencia Tributaria.

A comprobación do empadramento realizarase de oficio polo propio Concello.

O prazo para solicitar as axudas abrírase logo de que sexan publicadas as cualificacións da última convocatoria do curso.

Despois de seren cualificadas pola Concellería de Educación, as solicitudes presentadas serán aprobadas de xeito individual pola Xunta de Goberno Local.

IMPORTE DAS AXUDAS

As axudas serán como máximo de 200 euros por módulo superado, que se aboarán nun pagamento único cando o alumno ou alumna xa estea graduado.

O importe total do conxunto das axudas concedidas non poderá superar o crédito que para tal fin está consignado na aplicación orzamentaria 320.48000 descrita no punto 2. Para estes efectos, e para o caso de que as solicitudes presentadas superasen a contía consignada, estableceríase unha prelación entre estas baseada nos seguintes criterios:

- 1.º As cualificacións obtidas polos solicitantes.
- 2.º A iguais cualificacións, a renda da unidade familiar, primando aquelas en que sexa máis baixa.

AXENDA

SERVIZO	EMAIL	TELÉFONO
Concellería de Educación	Laura.besada@concellodogrove.com	986 730 975
Biblioteca municipal	biblioteca@concellodogrove.com	986 732 341
Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey	biblioteca@concellodogrove.com	986 732 341
Casa da Cultura Ángel Vázquez Hereder	axenciadelecturasanvicente@concellodogrove.com	986 738 431
Servizo de Normalización Lingüística (SNL)	normalizacionlinguistica@concellodogrove.com	986 733 190
Centro de Información á Muller (CIM)	cim@concellodogrove.com	986 730 900
Casa do Concello		986 730 975
Edificio Administrativo Municipal		986 730 975
Axencia de Desenvolvemento Local (ADL)	adlogrove@concellodogrove.com	986 730 609
Oficina de Información ao Consumidor (OMIC)	omic@concellodogrove.com	986 730 609
Oficina de Información Xuvenil (OMIX)	omix@concellodogrove.com	986 730 609
Policía Local	xefepoliciallocal@concellodogrove.com	986 733 333
Protección Civil	formacion@avpcivilogrove.com	986 732 255
Servizos Sociais	servizossociais@concellodogrove.com	986 733 334
Educador Familiar	educadorfamiliar@concellodogrove.com	986 733 801
SPAD	saudeprevencion@concellodogrove.com	986 731 614
Deportes	tecnicodeportes@concellodogrove.com	986 730 975
Medio Ambiente	medioambiente@concellodogrove.com	986 730 975
CIPES	museo@concellodogrove.com	
Escola de Música		986 733 001